



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 2 DE MARZO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se modifica o decreto que constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia
- Decreto polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desenvolvemento con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer anticipos superiores ao 10% da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Goberno da República Arxentina, en materia de migración e retorno.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para a realización de actividades que potencien a observación nos ámbitos das tecnoloxías da información e as comunicacións, a calidade e a innovación.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización dun estudo sobre as afeccións no medio físico e hidroloxía do tramo inferior do río Umia e a súa desembocadura, producidas pola construción e funcionamento do encoro de Caldas de Reis.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da concesión, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a prórroga e actualización do convenio suscrito o 28 de abril de 2003 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Autoridade Portuaria de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Xestur-Pontevedra. S.A, para a adquisición de solo con destino á plataforma industrial Salvaterra-As Neves.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LEI DE TRANSPARENCIA E DE BOAS PRÁCTICAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *A transparencia na actividade administrativa e a garantía dos dereitos dos cidadáns na súa relación coa Administración é un dos eixes do novo texto legal*
- *Establece os principios polos que deberán rexerse os membros do Goberno e prevé a creación do Rexistro de Actividades de Altos Cargos e o Rexistro de Bens Patrimoniais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega para establecer un novo modelo de goberno caracterizado pola transparencia, a información e a asunción de responsabilidades. Deste modo, facilitarase a participación dos cidadáns na vida política, económica, cultural e social da Comunidade Autónoma.

Precisamente, unha das medidas fundamentais desta lei é o impulso á administración electrónica para satisfacer o dereito á información dos cidadáns e permitir a tramitación de diversos procedementos a través da rede. Ademais, suporá a difusión de distintas informacións relacionadas coa Administración como son as retribucións dos membros do Goberno e altos cargos da Administración.

Transparencia na actividade administrativa

A transparencia na actividade administrativa é o obxectivo principal desta lei tal e como recolle o capítulo segundo, o que vai supor a proporción e difusión de información constante e veraz sobre a actuación do sector público autonómico. Con esta lei, a Xunta de Galicia quere garantir que os cidadáns poidan acceder á información xeral sobre os servizos públicos, á súa estrutura orgánica e funcional e á localización das unidades administrativas, así como aos coñecementos necesarios para tramitar distintos procedementos administrativos.

A Xunta quere ademais facilitar o modo de acceso a estas informacións, polo que reforzará a Administración electrónica para que os cidadáns poidan coñecelas a través de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, ademais das oficinas de atención ao cidadán. O impulso á Administración electrónica é un dos piares básicos desta lei que establece que cada consellería ou unidade administrativa, organismo e ente integrante do sector público autonómico disporá dunha páxina web na que se dispoña a información que establece a presente lei.

Por outra banda, a nova lei pretende aumentar o número de procedementos que poderán tramitarse en soporte informático así como a adopción de medidas pertinentes para que os interesados poidan coñecer o estado das súas tramitacións informáticas. Ademais, ampliáranse as funcións do rexistro telemático no que os



cidadáns poderán presentar as súas solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Administración Autónoma de Galicia.

Membros do Goberno e altos cargos da Administración

A Lei de transparencia establece os principios de actuación polos que deberán rexerse os membros do Goberno e altos cargos da Administración autonómica, que deberán promover o respecto aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. Engade que non se implicarán en situacións, actividades ou intereses incompatibles coas súas funcións e se absterán de intervir nos asuntos en que conorra algunha causa que poida afectar a súa obxectividade.

Unha das novidades da presente lei é a publicación na páxina web da Xunta das retribucións públicas percibidas polos membros de Goberno e altos cargos da Administración. A lei prevé a constitución do Rexistro de Actividades de Altos Cargos e o Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos da Xunta de Galicia nos que se inscribirán as correspondentes declaracións. O contido do primeiro publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e estará dispoñible na internet con carácter puramente informativo. Do contido do segundo, darase conta anualmente ao Parlamento de acordo co que se estableza no regulamento da Cámara.

Así mesmo, o texto legal establece que o tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración autonómica será o de señor ou señora.

Contratos públicos e actividade de fomento

Para cumprir co principio de transparencia informativa, a Administración autonómica ten previsto establecer programas anuais e plurianuais nos que se definirán obxectivos concretos, as actividades e os medios necesarios para executalos así como o tempo estimado para a súa consecución.

Outro dos aspectos recollidos na lei é o referido aos concursos públicos. Nos supostos en que se proceda á cesión de contrato ou a subcontratacións, daráselle publicidade a estas circunstancias xunto coas razóns que xustifican tal decisión, identificando aos cesionarios e subcontratistas e as condicións dos acordos, salvo aquela información que estea clasificada coma confidencial (coma segredos técnicos ou comerciais) ou a que constitúa un obstáculo para aplicar a lexislación, sexa contraria ao interese público ou prexudique os intereses comerciais lexítimos dos operadores.

Nos contratos adxudicados por concurso, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 35% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas.



Tamén hai que salientar o artigo referido á actividade de fomento e do rexistro das axudas, subvencións e convenios outorgados pola Comunidade Autónoma. Cada consellería, organismo ou entidade de dereito público vinculada ou dependente da Administración que realice actividades de fomento mediante o outorgamento de fondos públicos publicará na súa web unha relación actualizada das liñas de axudas ou subvencións que se vaian convocar no exercicio orzamentario, con indicacións dos importes destinados a estas e o seu obxectivo, o texto íntegro da convocatoria, e a concesión destas axudas, dentro dos cinco días seguintes á súa notificación.



APROBADO O DECRETO DE ESTRUCTURA ORGÁNICA DOS ÓRGANOS SUPERIORES DEPENDENTES DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

- *Ao abeiro deste decreto, procédese a desconcentrar nas secretarías xerais determinadas funcións, o que contribúe a unha maior celeridade na tramitación dos procedementos administrativos*
- *Estes órganos superiores dependen organicamente da Consellería de Presidencia, aínda que funcionalmente están adscritos á propia Presidencia*
- *Os órganos superiores aos que fai referencia o decreto son a Secretaría Xeral da Presidencia; a Secretaría Xeral de Análise e Proxección; a Secretaría Xeral de Comunicación; a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores; a Secretaría Xeral de Emigración e a Secretaría Xeral de Política Lingüística*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto que establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Trátase de sete secretarías xerais que, aínda que organicamente están adscritas á Consellería de Presidencia, funcionalmente dependen da propia Presidencia. En virtude do decreto aprobado hoxe procédese, non obstante, a desconcentrar nestas secretarías xerais dalgunhas funcións co obxecto de contribuír a acelerar a tramitación de determinados procedementos administrativos. Porén, será a Consellería de Presidencia a que exercerá respecto destes órganos superiores todas as competencias en materia de persoal.

Secretaría Xeral da Presidencia

Primeiramente, a Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración autonómica en materia de apoio, asesoramento técnico e asistencia directa á Presidencia da Xunta.

En concreto correspóndelle a este departamento non só prestar asistencia técnica, apoio e asesoramento ao presidente da Xunta en todo o que requira, senón tamén o exercicio da coordinación dos órganos adscritos á esta Secretaría como son a Asesoría Xurídica Xeral e a Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia.

A Secretaría Xeral da Presidencia encargárase, ademais, da coordinación da elaboración dos orzamentos da Presidencia da Xunta e da dirección das actividades do departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia, entre outros asuntos.

Esta secretaría poderá encargarse dos diferentes departamentos da Xunta cantos informes, datos e documentos considere precisos para o exercicio das súas funcións.



Para o cumprimento das súas funcións, esta secretaría conta cunha Subdirección Xeral de Persoal e Coordinación Administrativa e cun Servizo de Persoal e Asuntos Xerais. Ademais, o departamento de Protocolo e Relacións Públicas está adscrito a este departamento que conta, por outra banda, con dúas direccións xerais: a da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta e a do Gabinete de Presidencia.

Secretaría Xeral de Análise e Proxección

Configúrase como órgano superior da Administración autonómica en materia de asesoramento técnico e asistencia directa á Presidencia da Xunta. Ten como principal misión dirixir, coordinar e supervisar os servizos de análise e documentación da Presidencia.

Para isto conta cun Servizo de Análise e Documentación que compila, elabora e informatiza a documentación e información dos distintos departamentos da Xunta e demais organismos, públicos e privados. A partir desta documentación crea bancos de datos para que se desenvolvan estudos e informes necesarios e de interese para a Presidencia da Xunta.

Ao tempo, encárgase de promover encontros de expertos co fin de debater asuntos específicos de interese para a Presidencia; e diseña e elabora estudos sociolóxicos que permitan a incorporación da valoración da opinión pública nos procesos de toma de decisións do presidente, entre outros asuntos.

Secretaría Xeral de Comunicación

Concíbese como o órgano superior da Administración autonómica encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de comunicación e audiovisual.

Encárgase da xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social e tamén desenvolve tarefas de publicidade. Ambas as dúas competencias están recollidas no propio Estatuto de Autonomía de Galicia, nos artigos 27 e 34.

Este departamento ten como misión ademais promover as relacións cos medios informativos e a dirección e coordinación dos diferentes gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Paralelamente, diseña, realiza e divulga a acción institucional da Xunta de Galicia; planifica a política de imaxe e publicidade institucional do Goberno galego; coordina o seguimento relativo ás normas sobre a identificación corporativa da Xunta e realiza estudos sobre materias relativas a todos os sectores da información e a medios de comunicación en xeral.



Conta cunha subdirección xeral de Contratación e Xestión Orzamentaria; un Gabinete de Comunicación; un Gabinete de Estudo dos Recursos de Comunicación e o Club Internacional de Prensa. A esta secretaría está adscrita, ademais, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, á que compete a dirección e coordinación das actuacións en materia de telecomunicacións, audiovisual e multimedia.

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

Ten como misión o apoio, asistencia e asesoramento do presidente en todas as cuestións relacionadas coa Unión Europea, acción exterior, análise do contorno internacional que incida sobre as competencias do presidente e cooperación ao desenvolvemento.

Así, este departamento autonómico encárgase da cooperación institucional e técnica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais. Tamén lle compete a canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para os distintos departamentos da Xunta e para a sociedade galega en xeral.

Paralelamente, elabora os plans e estratexias no marco das relacións exteriores, nos que se determinarán as prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia no ámbito europeo ou na acción exterior, de conformidade co Programa cuadrienal de acción exterior e encárgase do fomento da imaxe integral de Galicia no exterior.

Estrutúrase nunha Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea e unha Subdirección Xeral de Análise e Programación.

Adscrita á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores está a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, a quen lle corresponde a dirección e coordinación das actuacións en materia de cooperación exterior e, máis concretamente, no que atinxe á cooperación ao desenvolvemento.

Secretaría Xeral de Emigración

É o órgano superior da Administración autonómica que posúe competencias para o desenvolvemento da Lei de recoñecemento da galegidade, relacións coas comunidades galegas no exterior e política inmigratoria e de retorno en Galicia.

Ademais dunha Subdirección Xeral de Coordinación, Contratación e Xestión Orzamentaria, a Secretaría Xeral de Emigración conta coa Subdirección Xeral de Programas Sociais, coa Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas e coa Subdirección Xeral de Planificación das Políticas de Retorno e da Inmigración.



Secretaría Xeral de Política Lingüística

Esta secretaría ten como misión elaborar as propostas legislativas que potencien a normalización lingüística; impulsar e coordinar as medidas de política lingüística dos departamentos da Xunta; impulsar e coordinar o labor de normalización lingüística dos servizos de normalización; fomentar o uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia; apoiar e coordinar o coñecemento e o uso do galego fóra do territorio lingüístico galego; promover e coordinar a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións e informar sobre os proxectos e disposicións normativas de carácter xeral que se elaboren no seo do goberno en relación coa incidencia de normalización do uso do galego.

A Secretaría conta cunha Subdirección Xeral de Política Lingüística.

Ao abeiro do decreto, aprobado hoxe polo Goberno galego, quedan desconcentradas nas figuras dos secretarios xerais as competencias para administrar os créditos para gastos de orzamentos da súa secretaría; todas as facultades que a normativa vixente atribúe aos órganos de contratación e a formalización de convenios no seu respectivo ámbito competencial; e a aprobación das bases, convocatoria e resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.



O CONSELLO APROBA O DECRETO QUE REGULA O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO PARA POSTOS TEMPORAIS

- *Prevese a posibilidade de encomendar a xestión dos chamamentos ás distintas consellerías*

O Goberno galego aprobou esta mañá na reunión semanal do Consello da Xunta o decreto polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Así, segundo se desprende deste documento, limitarase a presentación de solicitudes para formar parte das listas a determinados períodos, e permitirase ao órgano xestor valorar a conveniencia ou non da apertura destas en función das necesidades existentes. Ademais, co fin de ter en conta os cambios producidos nas circunstancias dos integrantes das listas e evitar os chamamentos errados, inclúese a posibilidade de modificar os ámbitos e datos persoais, así como de solicitar a súa suspensión temporal.

Tamén se modificará o baremo co fin de ter en conta só aqueles méritos que se consideren máis axeitados para o acceso á función pública, tales como ter superadas probas selectivas e contar con experiencia na Administración. Por último, prevese a posibilidade de encomendar a xestión dos chamamentos ás distintas consellerías para postos dependentes destas, co obxecto de axilizar o proceso.

O Decreto 217/2003 é o que regula a cobertura temporal de postos incluídos nas relacións de postos de traballo mentres non se cubran con carácter definitivo, tanto aqueles reservados ao persoal funcionario coma os reservados ao persoal laboral.

Non obstante, a experiencia derivada da súa aplicación do mesmo permitiu detectar diversas disfuncións, como o cómputo de méritos que non parecen axeitados para a Administración pública, a coincidencia temporal da actualización de méritos coa presentación de novas solicitudes –o que impide pechar a actualización de listas nos prazos fixados-, e a existencia de listas saturadas onde se segue permitindo a incorporación de novas solicitudes sen que os inscritos teñan posibilidades reais de cubrir algunha praza.



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A CONSTITUCIÓN E AS FUNCIÓNS DO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

- ***Gozará de personalidade xurídica propia e capacidade suficiente para o cumprimento das súas finalidades***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula a nova constitución e funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia. Este organismo estará constituído pola Xunta, representada pola Secretaría Xeral de Comunicación, a Consellería de Economía e Facenda, a Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística; pola Compañía de Radiotelevisión de Galicia e polas deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Segundo o texto do Decreto, o Consorcio gozará de personalidade xurídica propia e capacidade suficiente para o cumprimento das súas finalidades.

O Consello de Dirección está representado polo presidente, na figura do secretario xeral de Comunicación; o vicepresidente primeiro, que será o director xeral de Comunicación Audiovisual e vicepresidente segundo, que será o director da CRTVG e o vicepresidente terceiro, que será o director xeral de Creación e Difusión Cultural. Terá tamén seis vogais en representación da Administración autonómica e outro vogal por parte da CRTVG, así como o secretario que será o subdirector xeral de Telecomunicacións da Xunta.



VICEPRESIDENCIA DESTINARÁ UN INVESTIMENTO INICIAL DE CASE 18 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SERVIZOS SOCIAIS NOS CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o establecemento de anticipos superiores ao 10 por cento para as subvencións no momento da concesión*

O Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe o regulamento das bases das axudas económicas destinadas ás corporacións locais, para o financiamento dos programas sociais de atención primaria dentro do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais e dun primeiro nivel de atención a colectivos específicos con necesidades especiais. Así, ao abeiro desta orde, o Goberno galego establece anticipos superiores ao 10 por cento da subvención, cantidade que pode chegar ata o 35 por cento do total, no momento da concesión destas axudas.

Esta futura orde de axudas económicas -que sairá publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia*- conta cun investimento inicial para este ano de 17.987.375 euros, que se verán ampliados posteriormente. Trátase dunha cifra inicial superior en máis dun millón de euros ao investimento inicial do ano 2005, que fora de 16.277.779 euros. Desde a Vicepresidencia da Xunta preténdese que esta orde se convirta na canle principal de financiamento para as entidades locais, tentando que os concellos soliciten a través desta orde todo o que queiran acadar en canto a servizos sociais de atención primaria.

Servizos sociais subvencionables

A través da orde de axudas do plan concertado, os concellos poderán ter axudas para os servizos sociais de atención primaria que desenvolvan programas e presten axudas favorecedoras da participación, integración e benestar social (centros de servizos sociais, centros de acollida, albergues, centros de día, etc). Serán obxecto tamén de subvencións a realización de programas básicos de actuación de carácter comunitario (información, asesoramento, atención no fogar, programas de prevención e inserción social, etc).

Financiarase ademais, nun primeiro nivel, a atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas (maiores, programas nas áreas de discapacidade e atención temperá, drogodependentes, prevención da delincuencia, etc). Por primeira vez dentro do plan concertado incluíranse os proxectos destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras.



Criterios

A nova orde de subvencións pretende tamén darlle máis protagonismo aos técnicos de servizos sociais que traballan nos municipios, polo que dentro da documentación que se lle solicita aos concellos, inclúese a obrigatoriedade de presentar unha memoria xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para a mellora dos servizos sociais -elaborada polos técnicos de servizos sociais municipais-. Nos casos de obras que se vaian realizar, será prioritario para a concesión de axudas o cumprimento da lei de accesibilidade e supresión de barreiras.

Introdúcese ademais como criterio de valoración o grao de implantación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais), que permite ao Estado e á Xunta o manexo de datos estatísticos de beneficiarios de servizos sociais. Por último, para a concesión de axudas poderase solicitar á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros un informe sobre o grao de cumprimento dun concello concreto da normativa en materia de equipamentos e programas básicos de servizos sociais.

As corporacións locais poderán solicitar estas axudas unha vez que saia a orde no *Diario Oficial de Galicia*. Terán un mes para presentalas, mentres que en anos anteriores eran 40 días. Con esta redución de tempo, a Vicepresidencia da Xunta pretende axilizar ao máximo os trámites administrativos.



O GOBERNO GALEGO E O ARXENTINO ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE MIGRACIÓN E RETORNO

- *A República Arxentina, a través da súa Dirección Nacional de Migracións e a Secretaría Xeral de Emigración, en representación da Xunta de Galicia traballarán conxuntamente nos eidos de formación, programas laborais e intercambio de información.*
- *A iniciativa ten como finalidade prestar asistencia mutua no desenvolvemento de programas vencellados a procesos migratorios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as administracións galega e arxentina en materia de migración. O obxectivo do acordo é prestarse asistencia mutua e asesoramento no desenvolvemento de programas, iniciativas e medidas de apoio vinculadas a procesos migratorios dos cidadáns arxentinos e galegos con residencia nun dos dous ámbitos territoriais.

A colaboración xira arredor de tres eixos: transferencia de coñecemento e de información en materia estatística, xurídica, social e económica; formación de profesionais especializados e orientación, información e formación laboral en orixe.

Ambas as dúas partes, Goberno arxentino e a Secretaría Xeral de Emigración en representación da Xunta de Galicia, promoverán a implementación de sistemas rápidos e eficaces de transferencia de coñecemento e de información en asuntos de estatística, xurídicos, sociais e económicos que teñan que ver coa realidade migratoria.

Nesta liña de traballo prestarase especial importancia ao establecemento de mecanismos de colaboración en materia de intercambio de información estatística sobre os continxentes de emigrantes arxentinos residentes en Galicia e retornados, así como do movemento asociativo do colectivo arxentino na comunidade autónoma. Potenciarase a relación entre os cidadáns dun e doutro lado coa implantación de novas tecnoloxías.

Ao mesmo tempo elaboraranse protocolos de actuación para garantir información básica sobre a realidade sociolaboral de Galicia, así como sobre a súa lingua e cultura para facilitar a integración laboral, social e cultural aos arxentinos e retornados que pretendan residir e traballar no territorio galego.

No eido da formación, implantaranse programas formativos, con actividades presenciais e a distancia, dirixidas a funcionarios e profesionais liberais relacionados coa migración en Arxentina. Así mesmo creárase un mapa de servizos de información e orientación para os cidadáns arxentinos e descendentes de emigrantes galegos que



veñan traballar e poranse en marcha iniciativas co obxecto de contribuir ao achegamento e intercambio empresarial entre as dúas administracións, facilitando a identificación das oportunidades de negocio.



A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE EDUCACIÓN PARA 2006 INCREMENTÁSE CASE UN 50% CON RESPECTO Á DE 2005

- *En total convocaranse 686 prazas, das cales 360 pertencen ao corpo de mestres, 272 ao de ensino secundario, 15 ao de escolas oficiais de idiomas e 39 ao de música e artes escénicas*
- *Educación incrementa este ano por primeira vez desde o curso 1999-2000 o cupo de prazas nas oposicións a mestres e profesores*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a oferta pública de emprego da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 2006. En total esta oferta ascende a 686 prazas, o que supón un incremento do 47,84% con respecto ás 464 prazas ofertadas en 2005. Por corpos, 360 pertencen ao corpo de mestres, 272 ao de profesores de ensino secundario; 15 ao de escolas oficiais de idiomas e 39 ao de música e artes escénicas.

Esta oferta foille presentada aos sindicatos máis representativos do colectivo docente no decurso dunha xuntanza da mesa sectorial de Educación que tivo lugar o martes, 21 de febreiro.

A oferta de emprego público da Consellería de Educación supón tamén a creación de 125 novas prazas; un incremento que non se producía desde o curso 1999-2000. Dese total, 75 son para o corpo de profesores de ensino secundario e 50 para o de mestres.

Segundo o decreto aprobado hoxe polo Goberno galego, do total das prazas reservarase un 7% para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. Esta porcentaxe incrementáse con respecto á oferta de 2005, na que se reservaban un 5 por cento das prazas para este colectivo.

O decreto establece que nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas as persoas con discapacidade serán admitidas en igualdade de condicións que os demais aspirantes. Non obstante, nas probas selectivas establecerase para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a realización dos exames. Esta posibilidade quedará recollida nas convocatorias das prazas.

Ademais, do total das prazas convocadas para o corpo de profesores de ensino secundario reservarase un 15 por cento para promoción interna. As prazas que queden vacantes das quendas de discapacitados e de promoción interna non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 400.000 EUROS PARA ACTIVIDADES DE OBSERVACIÓN NOS ÁMBITOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS, A CALIDADE E A INNOVACIÓN

- *O Consello autoriza a sinatura dun convenio entre a consellería e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para a realización de actividades que potencien a observación nos ámbitos das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), a calidade e a innovación.

A Consellería achegará 400.000 euros para o desenvolvemento de actuacións de observación que comprenden o seguimento e actualización de métricas así como a xestión de bases de datos nas áreas das tecnoloxías da información e as comunicacións (cubrindo información dos ámbitos de sectores empresariais, das TIC e da sociedade en xeral); da innovación empresarial (con información sobre centros tecnolóxicos e situación de Galicia nas ditas prácticas innovadoras); da calidade industrial (nós ámbitos de certificacións, servizos de apoio á calidade e laboratorios de ensaio); e da estrutura empresarial galega (con información de sectores e axentes).

Asemade, a achega da consellería servirá tamén para o mantemento da información actualizada nos sitios web de observación dos citados ámbitos de actuación (www.observatoriotic.org, www.observatorioinnovacion.org, e www.observatoriocalidade.org/), e para a difusión da información en formato electrónico, mantendo de forma sistemática novos produtos de información nos ámbitos sinalados.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ENCARGA Á UNIVERSIDADE DE VIGO UN ESTUDO SOBRE AS AFECCIÓNS DO ENCORO DE CALDAS DE REIS NO RÍO UMIA

- *O organismo autónomo Augas de Galicia achega 60.000 euros para a realización deste diagnóstico*

A Universidade de Vigo realizará un estudo sobre as afeccións producidas polo encoro de Caldas de Reis no medio físico e hidroloxía do tramo inferior do río Umia e a súa desembocadura. A realización desta análise será posible grazas a subscrición dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo da Consellería de Medio Ambiente Augas de Galicia e o campus vigués.

En virtude deste acordo, a administración hidráulica aportará 60.000 euros para a realización do diagnóstico sobre o citado encoro. O consello da Xunta na súa reunión de hoxe acordou aprobar unha addenda ao convenio de colaboración subscrito entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo o pasado 30 de decembro para permitir que se realicen os citados traballos de investigación.



TRABALLO DEDICA MÁIS DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DOS TRABALLADORES OCUPADOS, A TRAVÉS DA FORMACIÓN CONTINUA

- *O obxectivo é regular as accións formativas dirixidas aos traballadores ocupados, co fin de proporcionarlles formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral e que obteñan coñecementos e prácticas adecuadas aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas*
- *Os destinatarios dos cursos de formación serán todos os traballadores ocupados nas pequenas e medianas empresas, os socios traballadores das cooperativas, así como os autónomos*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a orde da Consellería de Traballo pola que se establecen as subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados.

O obxecto da orde aprobada esta mañá é a regulación das accións formativas dirixidas a traballadores ocupados referidas ás especialidades formativas incluídas no Catálogo Nacional de Especialidades Formativas de Formación Profesional Ocupacional, así como de accións formativas que poidan considerarse de carácter experimental, subvencionadas todas elas pola Xunta de Galicia e cofinanciadas pola Unión Europea. Para o desenvolvemento deste proxecto a Consellería destinará un orzamento que supera os 2.125.000 euros.

A formación profesional continua é un instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida laboral. A súa finalidade é proporcionarlles aos traballadores ocupados a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuadas aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permitan compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

O departamento que dirixe Ricardo Varela é consciente de que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento, de aí que se inclúan nas empresas as ensinanzas orientadas á formación continua que permitan a adquisición permanente das competencias profesionais.

Así, nesta orde regúlanse, por unha banda as accións referidas ás especialidades formativas incluídas no Catálogo Nacional de Especialidade Formativas de Formación Profesional Ocupacional e, por outra banda, cursos formativos que poidan considerarse de carácter estratéxico e/ou de carácter experimental que lles permitan aos beneficiarios adquirir coñecementos, habilidades e aptitudes necesarias ante a incorporación de tecnoloxías avanzadas, especialmente as derivadas da sociedade da



información nos seus postos de traballo; afrontar con éxito a reconversión do seu posto así como, ampliar as súas posibilidades e promoción empresarial.

Destinatarios con prioridade

Terán prioridade como destinatarios destas accións formativas os traballadores ocupados nas pequenas e medianas empresas, os socios traballadores das entidades de economía social, así como os autónomos, residentes todos eles en Galicia. De igual modo terán prioridade para participar como alumnos, os maiores de 45 anos en sectores no que se introduzan novas tecnoloxías, traballadores con dificultades para o acceso á formación, os traballadores das pemes e os desfavorecidos, entendendo como tales os menores de 25 anos cun primeiro contrato de seis meses ou inferior, discapacitados en grao superior ao 33%, reingresados ao mercado de traballo tras un período de interrupción da súa vida laboral superior a tres anos ou un período ininterrompido superior a doce meses, maiores de 45 anos con niveis de formación inferiores a bacharelato e mulleres con independencia do sector produtivo no que se atopen encadradas.

Con estas actuacións trabállase na liña fixada no Acordo Galego de Formación Profesional Continua no que se establece como un obxectivo principal a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, ZONA FRANCA E AUTORIDADE PORTUARIA PRORROGAN POR TRES MESES O CONVENIO SUBSCRITO PARA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DA PLISAN

O consello da Xunta prorrogou hoxe por tres meses o convenio suscrito entre a Consellería de Vivenda e Solo, a través do IGVS, o Consorcio Zona Franca, a Autoridade Portuaria e Xestur Pontevedra para concluír as actuacións previstas nese convenio de cara a adquisición de solo destinado á Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves (PLISAN). O convenio fora suscrito o 27 de decembro de 2004.

A Consellería de Vivenda e Solo rematou en apenas catro meses o maior proceso de expropiación de terreo de Galicia, coa adquisición de 4,2 millóns de metros cadrados de solo empresarial para a futura PLISAN, resolvendo un proceso iniciado fai varios anos pola administración anterior. Na actualidade quedan pendentes diversos trámites administrativos para cuxa resolución se autoriza a sinatura desta prórroga de tres meses.